

movéndo-nos polo

Emprego a paz e a Solidariedade

O vindeiro 1 de Maio os traballadores e traballadoras de todo o mundo conmemoramos o Día Internacional da Clase Traballadora. É unha data de especial significación, na que non só están presentes os grandes problemas que temos os asalariados na nosa Terra, senón tamén aqueles que nos unen con outros povos, vun mundo cada vez máis pequeno, con problemas comuns, e no que medra a desregulación, o desemprego e a estratificación social. Neste marco, os traballadores galegos loitamos por: un marco de relacións laborais propio e unhas condicións de traballo xustas; a defensa da nosa identidade nacional e acadar o maior grao de soberanía posíbel, desde a solidariedade e o respecto a todas as nacións, con ou sen estado propio...

Xeración de emprego, no furgón de cola. Os datos sobre desemprego rexistrado en Galiza do mes de marzo son clarificadores: 29 parados máis!, mentres no conxunto do estado español recuaba en 26.781 persoas. Axiña contestaba a Xunta, que son cifras dun período moi curto como para facer conxecturas. Pura lérica. Segundo a EPA (Enquisa de Povoación Activa), collendo todo o ano 1998, Galiza tiña 800 parados menos, un 0,43%, fronte a 329.300 do conxunto do Estado, un 10% menos. Diferenza abismal. Este paro afecta moi especialmente ás mulleres, mocidade e maiores de 45 anos. Un 17% dos galegas e galegos están desempregados, un 17% da poboación activa.

Desmantelamento de sectores e empresas básicas. A maior taxa de paro no noso país non é unha casualidade. Desde a entrada na Unión Europea, sectores fundamentais da economía están obrigados a producir menos do que potencialmente poden, como o naval e lácteo, ou perderon capacidade negociadora fronte a terceiros países, como o pesqueiro. Un exemplo doroso: hai poucas semanas Bazán reducía en 1.264 operários o seu cadro de persoal. Non hai liberdade de competencia!, só naqueles produtos que lles convén. Para efectivizar esta desfeita, cando non chegan os bos modos, ou a negociación, emprega-se a man dura e a represión. Un gandeiro do SLG acaba de ser condenado a dous anos e sete meses de cadea, e varios centos máis a multas cuantiosas, por participaren nunha tractorada contra a supertaxa láctea.

1 de Maio

Día Internacional da Clase Obreira



Confederación Intersindical Galega

Altas taxas de precarización. A desregulación laboral ou precarización é cada día maior, non só porque a eventualidade se mantén nun 33%, a máis alta de Europa, senón porque, ademais, hai sectores inteiros onde se cotiza a paga por menos horas das que se traballa!, aproveitando-se das altas taxas de paro e da falta de prestacións ou subsídios económicos da maioría dos desempregados. Hai unha patronal que engorda coa explotación dos traballadores, como nunca se fixera antes! Os sucesivos pactos asinados pola patronal, o goberno e os sindicatos estatais foron un parche custoso, que non deu nengun resultado efectivo. Cantos empregos non se terían criado empregando estes cartos mellorando as infraestruturas, os servizos básicos, ou apoiando novas iniciativas industriais?

Estes son algúns dos grandes problemas de Galiza, da clase obreira, que teñen solución se houbese vontade política e unha actitude máis solidaria. Nen o goberno central, nen a Xunta teñen esta vontade, pero resulta máis grave no caso do executivo galego, xa que ten a obriga de defender os intereses do país.

Paz. Non máis bombardeos, non máis represión. Preocupa-nos, así mesmo, a grave situación existente nos Balcáns. Tanto pola represión que se exerce sobre a poboación kosovar, que ten todo o dereito a decidir o seu destino, sen imposicións nen de Sérbia nen da OTAN, como polos bombardeos masivos sobre Iugoslavia, destruindo a infraestrutura do territorio, e pretendendo, cinicamente, vender que non hai mortos nen feridos, máis alá dos «erros estatísticos normais en calquer operación». Resulta abraiante que Estados Unidos, co seguimento acrítico da Unión Europea, decida como se deben organizar os países, que grao de autonomía deben ter e como se deben solucionar as contradicións e diferenzas, ignorando así os organismos internacionais e o dereito, que noutros casos se esgrime como fundamental, para regular as relacións entre os estados. Con esta política liquidan-se os organismos internacionais, nomeadamente a ONU: Só existe a lei do máis forte; son as grandes potencias as únicas beneficiadas co conflito.

Cos bombardeos non se soluciona o problema kosovar, senón que se agudiza, e corre-se o risco de estender o conflito. Que rematen os bombardeos; que se reinicien as negociacións; que se desmilitarice a zona; que se garanta o dereito á autodeterminación dos kosovares e a viveren pacificamente no seu territorio!

Vigo:	CRUCE URZAIZ-DOBLADA ÁS 12,00H.
Ferrol:	EDUARDO PONDAL (LOCAL CIG) ÁS 12,00H.
Ourense:	PAVILLÓN DE DEPORTES ÁS 12,00H
Santiago:	PRAZA DE CERVANTES, ÁS 12,30H
Lugo:	AISS (RONDA DA MURALLA, 58) ÁS 12,30H
A Coruña:	PRAZA DE VIGO ÁS 12,30H
Pontevedra:	PRAZA DA FERRERIA ÁS 12,00

MOVAMO-NOS ESTE PRIMEIRO DE MAIO:

- PARA GARANTIR MÁIS E MELLOR EMPREGO
- POR UNHA SOCIEDADE SOLIDARIA
- POR UN MUNDO DE XUSTIZA E PAZ

